

## CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
1134/2021	A Xunta de Goberno Local	17/08/2021

EN CALIDADE DE SECRETARIO/A DE ESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión celebrada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

**EXPEDIENTE 1134/2021. CONTRATACIÓNS. CONTRATO ADMINISTRATIVO DE OBRA DE "MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ESCOLA UNITARIA DE PÍAS"**

Favorable      Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

### PROPOSTA DE ALCALDÍA

#### Antecedentes

1. No proxecto técnico denominado "Mellora da eficiencia enerxética da Escola Unitaria de Pías" redactado polo Arquitecto, D. Xavier Pousa Arbones, presentado o 30 de xullo de 2021 (2021-E-RE-956), e que conta cun orzamento base de licitación de CENTO NOVENTA E NOVE MIL NOVECENTOS CATORCE EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (199.914,72 €), I.V.E. engadido, se definen as características técnicas desta actuación. O citado proxecto foi aprobado mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria de data 9 de agosto de 2021.



Consta, asemade incorporada ao expediente acta de trazado previo asinada polo Director e redactor do Proxecto Xavier Pousa Arbones na que se fai constar a realizade xeométrica das obras proxectadas, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución.

Así mesmo, e a efectos da dispoñibilidade dos terreos constan as seguintes autorizacións sectoriais:

- Informe favorable do Servizo de Unidade Técnica Provincial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
  - Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
2. Consta Memoria xustificativa da necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación emitida pola Alcaldía, na que se dispón, entre outras cuestións, que:

*“.../...Esta actuación enmárcase dentro da rehabilitación enerxética que o Concello de O Rosal pretende realizar nos seus edificios co obxectivo de*



*reducir os custos de enerxía e contribuír á protección do medio ambiente, O proxecto se enfoca en dúas liñas:*

- *Dun lado, a implantación de medidas pasivas co fin de reducir ao mínimo o consumo enerxético do edificio.*
- *Doutro lado, a implantación de medidas activas para contribuír a mellorar o confort no interior dos alumnos e profesores.*

*As medidas anteriores se concrean do seguinte xeito:*

*a) Medidas activas:*

- *Incorporación de illamento térmico con elevados espesores nas fachadas, solos e teitos.*
- *Renovación de toda a carpintería exterior por unha nova mais eficiente e con peches moito máis estancos que os actuais.*
- *Saneado do solo retirando o existente e executando unha soleira ventilada con protección fronte ao radón, impermeable a humidade e illada termicamente.*

*b) Medidas pasivas:*

- *Instalación de solo radiante como sistema de climatización tanto nas épocas frías como calor xa que se proxecta reversible para sacarlle o maior partida á instalación.*



- *Instalación de sistema de aerotermia con bomba de calor de alta eficiencia enerxética para obter a enerxía necesaria cun gasto mínimo.*

- *Instalación dun sistema de renovación do aire interior cunha ventilación mecánica con recuperador de calor que permite garantir unha adecuada calidade do aire interior sen gastar enerxía en climatizalo.*

*A maiores destas actuacións e aproveitando a reforma se van a realizar tamén as seguintes actuacións complementarias:*

- *Renovado de toda a instalación eléctrica das aulas.*

- *Mellora de acondicionamento acústico das aulas cun novo falso teito que absorban o ruído xerado.*

- *Novo pavimento vinílico de fácil limpeza e mantemento e moi comfortable para os alumnos.*

- *Sistema de protección solar e ocultación total en ventás.*

- *Renovación de portas interiores.*

- *Renovación da pintura en paredes e teitos.*

- *Incorporación de auga quente sanitaria nos aseos...../...”*



A devandita memoria emítese en cumprimento da esixencia contida no artigo 28 en relación co artigo 116 ambos da LCSP.

Consta asemade Anexo a Memoria de data 13 de agosto de 2021.

3. O investimento realizarase mediante recursos propios de conformidade co seguinte:

A. RÉXIME DE FINANCIAMENTO		
Fondos Propios	100 %	
B. ANUALIDADES		
Exercicio	Concello de O Rosal	
2021	199.914,72 euros	
C. APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS		
Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co I.V.E.)
2021	32302.63200	199.914,72.-€

D. DISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITO

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe retido
2021	32302.63200	199.914,72.-€

4. Consta efectuada retención de crédito mediante documento contable RC núm. 2021/EP/002273 respecto da anualidade 2021 asinado polo Interventor do Concello en data de 21 de xullo de 2021 por importe de 199.914,72.-€ con cargo a aplicación orzamentaria 2021.32302.63200 do orzamento vixente para o exercicio 2021.
  
5. Consta acorda da Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria de 9 de agosto de 2021 de incoación do expediente de contratación da obra de “Mellora da eficiencia da Escola Unitaria de Pías”.
  
6. Consta Informe de Secretaría núm. 2021-0009 de data 13 de agosto de 2021 no que se informa favorablemente o expediente de contratación e os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.
  
7. Consta Informe de Intervención núm. 2021-0089 de data 13 de agosto de 2021 fiscalización previa á aprobación do expediente de conformidade.



Tendo en conta os antecedentes de feito detallados ao longo da presente proposta, en aplicación do disposto nos artigos 116, 117, 131, 146 e 159 da LCSP respecto á tramitación e aprobación do expediente de contratación así como a elección e tramitación do procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación.

Visto o informe xurídico e informe de fiscalización previa á aprobación do expediente de contratación.

Tendo en conta a delegación das atribucións da Alcaldía en Xunta de Goberno Local en materia de contratación que resulta da Resolución de Alcaldía de 21 de xuño de 2019, Decreto núm. 2019-0414 de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local e considerando a competencia do órgano de contratación de conformidade co disposto na Disposición Adicional 2ª LCSP, en base aos antecedentes sinalados e con aplicación da regulación contida na normativa de aplicación **PROPOÑO A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, a adopción do seguinte **ACORDO**:



PRIMEIRO.- Declarar xustificada a necesidade da celebración do contrato de obra de MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ESCOLA UNITARIA DE PÍAS para o cumprimento e realización dos fins institucionais do Concello de O Rosal en base á natureza e extensión de ditas necesidades, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, nos termos sinalados na Memoria xustificativa de necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación asinada pola Alcaldía con data de 4 de agosto de 2021 e ao Anexo á mesma.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación, baixo a modalidade de contrato administrativo de obras de MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ESCOLA UNITARIA DE PÍAS descritas no “PROXECTO DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ESCOLA UNITARIA DE PÍAS” redactado polo Arquitecto, D. Xavier Pousa Arbones, presentado o 30 de xullo de 2021(2021-E-RE-956), e que conta cun valor estimado de CENTO SESENTA E CINCO MIL DOUSCENTOS DEZAOITO EUROS CON SETENTA E OITO CÉNTIMOS (165.218,78 €) e un orzamento base de licitación de CENTO NOVENTA E NOVE MIL NOVECENTOS CATORCE EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (199.914,72 €), I.V.E. engadido, por procedemento aberto simplificado, con tramitación ordinaria e pluralidade de criterios de adxudicación.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto corresponde:

Distribución plurianual de anualidades e aplicación	Importe
2021-32302.63200	199.914,72





CUARTO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) que haberán de rexer a licitación do contrato de obra de “Mellora da eficiencia enerxética da Escola Unitaria de Pías”, subscrito pola Alcaldía con data de 13 de agosto de 2021.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e considerando o disposto no artigo 159.2 LCSP debendo publicarse xunto co anuncio da licitación, polo menos e sen prexuízo doutra que se considere publicar con posterioridade, a seguinte documentación:

- Acordo de incoación do expediente de contratación.
- Memoria xustificativa da necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación e Anexo á memoria.
- Proxecto de obras de “Mellora da eficiencia enerxética da Escola Unitaria de Pías”.
- Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), que rexerán a licitación.
- Acordo de aprobación do expediente de contratación.



SEXTO.- Designar aos membros da Mesa de contratación e publicar a súa composición no Perfil de Contratante:

- Presidenta: Alcaldesa do Concello do Rosal.
  
- Secretario/a: Funcionaria do Concello de O Rosal
  
- Vogais:
  - 1) Secretario/a do Concello de O Rosal
  
  - 2) Interventor do Concello de O Rosal
  
  - 3) Arquitecto Técnico do Concello de O Rosal

SÉTIMO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

